



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Lingua Inglesa 1 | Código | 613G01003 | |
| Titulación | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Lezcano Gonzalez, Emma | Correo electrónico | emma.lezcano@udc.es | |
| Profesorado | Lezcano Gonzalez, Emma Martingano Prieto, Lucas Andrés | Correo electrónico | emma.lezcano@udc.es lucas.martingano@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Descrición e uso da lingua inglesa nun nivel intermedio alto (B2) | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|----------------------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Seguir unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontaneamente e ser capaces de expresar sorpresa, felicidade, tristeza, interese, indiferenza etc. | A6 A15 | B4 | C2 |
| Entender as ideas principais dun discurso oral ou escrito sobre asuntos cotiáns, de actualidade, ou sobre temas persoais, separándoas dos detalles específicos. | A6 A15 | B4 B5 | C2 |
| Comprender a descrición de acontecementos, de sentimentos e de desexos en cartas persoais e en textos relacionados cos campos semánticos do programa. | A6 A15 | B4 | C2 |
| Localizar información relevante en textos longos ou obter información de distintas partes do texto ou de varios textos para resolver un problema específico, así como identificar as conclusións en textos de argumentación claros e recoñecer a liña desa argumentación. | A6 A15 | B1 B5 B6 | C2 |
| Expoñer e cohesionar de forma máis ou menos elaborada experiencias, desexos, opinións, proxectos, reaccións etc. | A6 A9 A15 | B4 | C2 |
| Comentar as opinións doutras persoas, comparando e contrastando alternativas, avaliando que facer, a onde ir, ou que elixir. | A6 A9 A15 | B1 B4 | C2 |
| Escribir textos ben enlazados e gramaticalmente correctos sobre temas que son coñecidos ou de interese persoal e describir experiencias e impresións así como formular peticións ou solicitudes concretas de xeito sinxelo. | A6 A9 A15 | B1 B3 B5 B6 | C2 |
| Entender as ideas principais dun discurso oral ou escrito sobre asuntos cotiáns, de actualidade, ou sobre temas persoais, e separalas dos detalles específicos. | A6 A9 A15 | B1 B3 B4 B5 B6 | C2 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|--------------|---|
| 1. Gramática | 1.1. Formación de preguntas 1.2. Determinantes, cuantificadores e nomes 1.3. Adxectivos e adverbios 1.4. Tempos verbais 1.5. A voz pasiva 1.6. Verbos modais 1.7. Verbos con partícula e frases idiomáticas |
| 2. Léxico | 2.1. Educación e aprendizaxe 2.2. Personalidade, aparencia e carácter 2.3. Viaxe e movemento 2.4. Actividades deportivas e de ocio |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A9 B4 | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | A6 A15 B3 B4 B5 C2 | 10 | 15 | 25 |
| Seminario | A6 A9 A15 B3 B4 B5 | 13 | 15 | 28 |
| Discusión dirixida | A6 A9 A15 B4 B5 C2 | 7 | 3 | 10 |
| Proba oral | A6 A9 A15 B4 B5 C2 | 0 | 6 | 6 |
| Lecturas | A6 B1 B3 B5 B6 C2 | 0 | 10 | 10 |
| Traballos tutelados | A6 B3 B5 B6 C2 | 0 | 15 | 15 |
| Portafolios do alumno | A6 A9 A15 B6 B3 | 2 | 18 | 20 |
| Proba mixta | A6 A9 A15 B1 B3 B6 | 3 | 15 | 18 |
| Aprendizaxe colaborativa | B1 B6 | 0 | 15 | 15 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Primeira toma de contacto coa lingua inglesa en xeral e coa materia en particular, en que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |
| Seminario | Nesta materia denomínanse seminarios aquelas aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral. Deste xeito, haberá seminarios de lectura, redacción e comprensión audiovisual case todas as semanas do curso. |
| Discusión dirixida | Nesta materia chamámoslle discusión dirixida ás actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados pola profesora lectora, en que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela. |
| Proba oral | Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista coas profesoras individualmente ou por parellas. Os estudantes terán tamén que ler un texto en voz alta e tal vez improvisar situacións suxeridas polas profesoras, que poderán usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba. |



| | |
|--------------------------|---|
| Lecturas | Nesta materia chamarémoslle lecturas a todo o material que o estudiantado terán que ler fóra da aula para a realización dalgúns exercicios de reading comprehension así como todas as lecturas que poidan facer en inglés para outras materias. Tamén se considerarán "lecturas" a lectura de xornais, revistas, foros de internet, etc. en lingua inglesa, actividade que recomendaremos desde o primeiro día de clase. |
| Traballos tutelados | O alumnado deberá realizar un traballo en grupo ("project") sobre un tema que se especificará ao inicio do curso. Con este traballo preténdese promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela do profesorado así como a aprendizaxe colaborativa e as relacións entre a universidade e o entorno sociocultural no que se asenta. O "project" exporase en clase e entregárase tamén unha versión por escrito. |
| Portafolios do alumno | É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ou alumna nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesorado, o que lle permite visualizar o progreso do alumnado. Na nosa materia o portafolios incluírá principalmente tarefas de redacción. |
| Proba mixta | Nesta materia a proba mixta consistirá nunha proba práctica con exercicios variados de uso da lingua, algúns de resposta breve outros de elección múltiple, outros de ordenación ou de maior elaboración. Ás veces pedirase xustificación das respostas. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Para a realización do traballo tutelado é importante que o estudiantado informe ao profesorado dos avances que vai facendo ao longo do cuatrimestre. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---------------------------|--|---------------|
| Proba oral | A6 A9 A15 B4 B5 C2 | O alumnado realizará unha proba oral ao final do cuatrimestre na que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa. Se ao longo do cuatrimestre un alumno ou alumna acada máis dun 5 sobre 10 na avaliación continua das súas competencias de expresión oral, non terá que facer a proba final. | 15 |
| Proba mixta | A6 A9 A15 B1 B3 B6 | No exame oficial de xaneiro todo o alumnado deberá realizar unha proba mixta coas seguintes partes: gramática e vocabulario, comprensión lectora e comprensión auditiva. | 50 |
| Seminario | A6 A9 A15 B3 B4 B5 | Nesta materia chámanse seminarios ás aulas de docencia interactiva nas que se traballa en grupos reducidos. A asistencia e participación activa nestas aulas suporá un 5% da nota final. | 5 |
| Traballos tutelados | A6 B3 B5 B6 C2 | O "project" suporá un 10 por cento da nota final. Avaliarase a súa exposición oral e a parte escrita así como o traballo realizado polo grupo ao longo do cuatrimestre. | 10 |
| Portafolios do alumno | A6 A9 A15 B6 B3 | No portafolios avaliaremos as tarefas de produción escrita realizadas ao longo do curso. | 20 |

Observacións avaliación



IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma das distintas probas, project e demais actividades avaliábeis deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima do exame final, da proba oral e das tarefas de produción escrita non poderá ser inferior a 4, aínda que a nota media total sexa 5 ou máis.

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente coa calificación de 0. Para este fin poderá usarse a aplicación Turnitin, que recoñece traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante.

Os alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xaneiro ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

A participación dinámica nas diferentes tarefas da clase, así como todo o material de "extra-credit" que o alumnado realice ao longo do cuatrimestre, poderá supoñer ata un 5% extra na nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou calquera outra actividade proposta polo profesorado, ou proposta polo alumnado e aceptada polo profesorado.

OPORTUNIDADE de XULLO: A distribución de porcentaxes será a seguinte: exame (50%), tarefa(s) de redacción (20%), actividade alternativa á porcentaxe de asistencia (5%), traballo tutelado (10%), entrevista oral individual co profesorado (15%).

Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa desta universidade, será avaliado en calquera das dúas oportunidades seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Atención á diversidade:

Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Carter, R. et al. (2011). English Grammar Today. Cambridge: C.U.P.
 - McCarthy, M. & F. O'Dell (2002). English Vocabulary in Use. Cambridge: C.U.P.
 - Simon, P. (2016). The Gramming Guide to English Grammar.. My E-Book Publishing House
 - Swan, M. (1996). Practical English Usage. . Oxford: O.U.P.
 - Thomas, B, Hashemi, L. & L. Matthews (2015). Grammar and Vocabulary for First (with answers). Cambridge: C.U.P.
 - Vince, M. (2009). First Certificate Language Practice. English Grammar and Vocabulary.. MacMillan Publishers.
 - (). .
- Outros libros de interés:
- Allsop, J. & P. Watcyn-Jones. 1990. Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin.
 - Allsop, J. & P. Watcyn-Jones. 1990. Test Your Prepositions. London: Penguin.
 - Beaumont, D. & C. Granger. 1991. Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann.
 - Brook-Hart, G. 2008. Complete First Certificate. Cambridge: C.U.P.
 - Collie, J. & S. Slater. 1992. Cambridge Skills for Fluency: Listening 3. Cambridge: C.U.P.
 - Collie, J. & S. Slater. 1992. Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3. Cambridge: C.U.P.
 - Greenall, S. & D. Pye. 1993. Cambridge Skills for Fluency: Reading 3. Cambridge: C.U.P.
 - Greenall, S. & M. Swan. 1986. Effective Reading. London: Cambridge: C.U.P.
 - Hashemi, L. & B. Thomas. 2003. Cambridge Grammar for First Certificate. Cambridge: C.U.P.
 - Littlejohn, A. 1993. Cambridge Skills for Fluency: Writing 3. Cambridge: C.U.P.
 - McCarthy, M. & F. O'Dell. 2002. English Vocabulary in Use. Cambridge: C.U.P.
 - Murphy, R. 1990. English Grammar in Use. Intermediate. 1985. Cambridge: C.U.P.
 - Prodromou, L. 1999. Grammar and Vocabulary for First Certificate. Harlow: Longman.
 - Redston, C. & G. Cunningham. 2007. Face2Face Upper-intermediate. Cambridge: Cambridge University Press.
 - Swan, M. & C. Walter. 1997. How English Works. Oxford: O.U.P.
 - Swan, M. 1996. Practical English Usage. Oxford: O.U.P.
 - Thomson, A.J. & A.V. Martinet. 1993. A Practical English Grammar. Oxford: O.U.P. (4th edition; this grammar is supplemented with two exercise books with answer key).



| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | |
|-----------------------------|--|

| |
|----------------|
| Recomendacións |
|----------------|

| |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
|---|

| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|--|

| |
|----------------------------------|
| Materias que continúan o temario |
|----------------------------------|

| |
|--------------|
| Observacións |
|--------------|

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías